



Faladoiros Mancomún 2022, con Laura Castro



31.05.2022



17:00 – 18:00 H



STREAMING E CENTRO GAIÁSTECH

Cal é o programa?

Neste primeiro faladoiro de 2022, contamos coa participación de:

- › **Bárbara Román**, compañeira da Oficina de Software libre da Xunta de Galicia, continúa este ano facendo de presentadora nos faladoiros.
- › **Laura Castro** como invitada deste faladoiro.

Quen imparte?

Oficina de Coordinación de Software Libre da Amtega

A Oficina de Coordinación de Software Libre constitúese coma punto de referencia para todos os axentes involucrados no desenvolvemento deste tipo de software en Galicia, fomentando o avance homoxéneo das distintas actuacións neste eido levadas a cabo dende distintos ámbitos.

Do mesmo xeito, o portal Mancomún aglutina na rede todas as iniciativas de software libre que se están a desenvolver en Galicia, servindo de canle de comunicación pública e proporcionando un conxunto integrado de servizos.

Cando e onde?

31 de maio de 2022

De 17:00 a 18:00 H

- › **Presencial: Centro GaiásTech** (Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela)
- › **Streaming**

Para quen?

Calquera persoa interesada no mundo da tecnoloxía e especialmente no relacionado co software libre e cultura libre.

Por que?

Retomamos os **“Faladoiros de Mancomún”** neste ano 2022. Charlas en formato vídeopodcast onde tanto as condutoras destas conversas, como as participantes, son mulleres relevantes no mundo tecnolóxico, e especialmente, mulleres en contacto con temas relacionados co software libre e a cultura libre.

Un espazo onde visibilizar mulleres no sector tecnolóxico e onde poidan expresarse libremente, nun ambiente seguro e distendido.

Inscríbete!

